

COMPOSICIÓN DE TEXTOS HISTÓRICOS

1. INTRODUCCIÓN

Atopámonos fronte a tres fragmentos de textos históricos que nos permiten observar as características principais dos sistemas políticos vixentes na Europa do s.XVIII: a monarquía absoluta, o despotismo ilustrado e o parlamentarismo.

Os tres documentos encádranse no s.XVIII. O seu contexto é, polo tanto, o Antigo Réxime: expresión que designa o conxunto de normas, estruturas sociais e formas de goberno e de propiedade que se deron en Europa ata as revolucións liberais iniciadas a finais do s.XVIII. Caracterízase por unha sociedade estamental, baseada na desigualdade por nacemento (privilexios); unha economía de base agraria, e o predominio da monarquía absoluta como sistema de goberno, aínda que con algunhas excepcións, como veremos no caso de Inglaterra.

O contido do primeiro texto refírese á concentración de poder en mans dos reis na monarquía absoluta; o do segundo, ao carácter paternalista do despotismo ilustrado, mentres que o último enxalza a división de poderes conseguida no parlamentarismo. A través dos tres documentos poderemos, polo tanto, observar como evoluciona a concepción do poder nos diferentes sistemas políticos.

2. DESENVOLVEMENTO

O Documento 1 é un discurso dado polo monarca absoluto francés Luís XV ao Parlamento de París (assemblea representativa dos tres estamentos na Francia do Antigo Réxime), en 1766. Nesta data xa se atopan en circulación por Europa as ideas ilustradas (como, entre outras, a necesidade da división de poderes), polo que non é de estrañar o contido deste discurso: o rei faille saber ao Parlamento que na súa persoa reside toda autoridade e soberanía, afirmando que el concentra todos os poderes (lexislativo, executivo e xudicial), como observamos xa ao principio do fragmento: “*É só na miña persoa onde reside o poder soberano...*”; ou na quinta liña do texto: “*só a min pertence o poder lexislativo sen dependencia e sen división*”.

Constitúe un bo exemplo do que foi a monarquía absoluta, na que o rei tiña en teoría todos os poderes do Estado sen ningunha limitación (pois xustificábase con que o poder era de orixe divina), e que se foi impoñendo desde mediados do s.XVII seguindo o exemplo de Luís XIV, bisavó de Luís XV. Pero como dixemos, este poder absoluto existía só na teoría, xa que na práctica o poder do rei víase limitado por tres aspectos: a resistencia dos poderes locais ás demandas do goberno central; a falta dun control eficaz dos reis sobre as tarefas de goberno, e a necesidade do apoio das asembleas representativas para aprobar certas leis e novos impostos. Así, na realidade tratábase dun poder

restrinxido baseado na cooperación ou consentimento dos poderes locais e grandes señores.

Para gobernar eficazmente, os reis absolutos crearon novos funcionarios e buscaron a alianza dos poderosos (por iso lles interesaba manter a sociedade dos privilexios, na que a nobreza e o clero non pagaban impostos). Os seus poderes, como se observa no sistema político francés, eran gobernar, establecer as leis, establecer e recadar os impostos e formar e recrutar o exército. Como di Luis XV na 6ª e 7ª liñas, *“é pola miña autoridade que os oficiais da miña Corte proceden (...) ao rexistro, á publicación e á execución da lei; a orde pública emana de min...”*, facendo así referencia ao poder executivo e ao xudicial.

As monarquías absolutas impuxéronse durante o s.XVIII na maioría de países europeos, nos que os reis desexaban manter e incluso ampliar o seu poder, aínda sendo conscientes de que contaban con graves problemas económicos e sociais que necesitaban resolver. Para facelo levaron a cabo unha política de reformas baseadas nas novas ideas da corrente filosófica da Ilustración, dando lugar ao despotismo ilustrado, do que vemos un bo exemplo no Documento 2, as palabras de Federico II de Prusia en 1781, nos anos finais da súa vida, e xa coa Ilustración en pleno desenvolvemento e expansión.

Federico II foi un dos máximos expoñentes do déspota ilustrado europeo, e as súas palabras mostran claramente unha das súas características: o paternalismo, visible no propio lema deste sistema político, “todo para o pobo, pero sen o pobo”, isto é, a aplicación de reformas en beneficio do pobo (na teoría), pero sen contar coa súa opinión ou aprobación. Este pensamento intenta xustificalo Federico cando di que os homes elevaron a outro home por riba deles non porque lles guste ser escravos, senón porque *“temos necesidade de vós para manter as leis ás que nos queremos someter, para que nos gobernes sabiamente, para que nos defendas”*.

Así, a política de reformas ilustradas seguiu intentando reforzar o Estado, centralizar a administración, profesionalizar o exército e reducir o poder dos Parlamentos e doutras institucións, para aumentar o dos monarcas, favorecendo tamén a economía, a ciencia e a educación. Pero ningunha desas reformas pretendía alterar a base do Antigo Réxime, manténdose a sociedade estamental e o réxime señorial, xa que os reis necesitaban do apoio dos poderosos para conservar o seu poder.

Este intento de reformar o poder do estado sen cambiar os seus fundamentos amosouse finalmente imposible, como xa vaticinara no s.XVII o sistema político inglés, do que se fala no terceiro texto.

O Documento 3 é un fragmento da famosa obra de Voltaire, as *Cartas filosóficas* de 1734. Este foi un dos pensadores ilustrados máis importantes; polo tanto debemos encadrar o seu texto na fase de desenvolvemento da Ilustración, unha nova forma de pensar e ver a realidade social que se inicia entre 1680 e 1730 en

Inglaterra e as Provincias Unidas, e se difunde posteriormente a Francia e outras rexións europeas.

O modelo precursor para o pensamento político ilustrado francés será o parlamentarismo inglés, como observamos ao comezo do documento: “*A nación inglesa é a única sobre a terra que conseguiu regular o poder dos reis enfrontándose a eles...*”. A razón é que Inglaterra, xa desde o s.XVII, foi quen de implantar certa división de poderes (formulada por John Locke) que evitou que os reis ingleses concentraran todos os poderes na súa persoa, como estaba sucedendo no resto de Europa.

Pero como di Voltaire, “*Non foi fácil establecer a liberdade en Inglaterra*”. Ante os intentos dos reis ingleses da dinastía Estuardo de implantar un poder absoluto, o Parlamento opúxose mediante dúas revolucións: unha en 1649 (que rematou coa execución do monarca Carlos I) e outra, a Gloriosa revolución, en 1688, que rematou cun novo rei, Guillerme de Orange, obrigado a firmar a Declaración de Dereitos ou *Bill of Rights* (1689) para poder gobernar. Este importante documento histórico sometía os poderes do rei ao Parlamento, e establecía que o monarca non podía estar por riba da lei, que sería elaborada polo propio Parlamento. Así, o poder lexislativo recaía no Parlamento (formado pola Cámara dos Lores e a dos Comúns, ás que fai referencia a 6ª liña do texto), e o executivo no rei e o goberno, e ambos poderes controlábanse mutuamente, como sinala Voltaire: “*...puido establecer un sabio goberno no que o príncipe, todopoderoso para facer o ben, está limitado para facer o mal*”. Dábase así comezo ao sistema político do parlamentarismo.

Os filósofos ilustrados do s.XVIII, defensores de valores como o predominio da razón, a crítica da sociedade, a autonomía do poder civil, a tolerancia relixiosa ou a educación, estableceron a división de poderes como principal obxectivo a conseguir para evitar o abuso de poder dos déspotas ilustrados, seguindo o modelo inglés, e sobre todo a partir da obra de Montesquieu, *O espírito das leis* (1748). Aínda que, como vemos, xa Voltaire mostraba a súa admiración polo sistema inglés anos antes da aparición do libro de Montesquieu.

3. CONCLUSIÓN

En definitiva, a evolución dos sistemas políticos do s.XVIII partirán da ampliación do poder dos monarcas europeos, iniciada xa a inicios da Idade Moderna e co máximo esplendor no XVIII coas monarquías absolutas. Ao longo do século as monarquías veranse afectadas pola aparición e difusión dunha nova corrente filosófica e diferente forma de pensar, a Ilustración, que nun principio introducirá reformas modernizadoras (que, sen embargo, non alteran as bases do antigo réxime), e seguindo o modelo do parlamentarismo inglés iniciado no s.XVII, conseguirán derrocar a través das revolucións liberais de finais de século a sociedade estamental, o réxime feudal e o poder absoluto dos monarcas.